

## CANGAS ACOLLE RUTAS DE ECOTURISMO PARA A XUVENTUDE AS FINS DE SEMANA DE MAIO.

“Naturalmente Galiza” é un programa de visitas guiadas promovido pola Dirección Xeral de Xuventude en colaboración coa concellería da mesma área, que dirixe o edil nacionalista Oscar Graña.

Esta actividade de ocio alternativo, permite disfrutar de diferentes actividades en Cangas a 22 mozas e mozos durante as catro fins de semana de Maio.

A iniciativa inclúe un percorrido guiado polo Casco histórico, rutas en Kaiak, sky acuático e wakeboard entre as praias de bandeira azul de Nerga e Liméns, exercicios de xeocaptura e orientación no contorno arqueolóxico de O Facho, itinerarios de sendeirismo e unha ruta ecoturística a cabalo por paraxes de Cangas, Moaña e Bueu.

Este programa dirixido a mocidade entre 18 e 35 anos, ten como obxectivo fomentar o coidado e o respecto ao ambiente e gozar da paisaxe e da natureza, e se dirixe a persoas de entre 18 e 35 anos.



“Naturalmente Galiza”, e a ruta “Olladas ao Mar” realizada en Cangas, foi un éxito dende o seu comezo, como afirman os ediles de Turismo, Mercedes Giráldez, e de Xuventude, Oscar Graña, xa que as 88 prazas

ofertadas foron cubertas nada máis convocarse, quedando algunhas persoas en lista de agarda por se houberse baixas.

Este programa foi valorado, cunha nota de sobresaínte, polos/as participantes, polo que se augura que se converterá nun clásico na promoción turística de Cangas entre a mocidade.

A divulgación do Casco Histórico, a riqueza ambiental e paisaxística, as praias de bandeira azul e as excabación do monte O Facho, son os elementos máis representativos que contribuíron ao éxito desta iniciativa

